



taíia teatro

# Artur III

## O OVO DA SERPE

de Bertolt Brecht



© Suhrkamp Verlag GmbH, Berlin

# presentación

En Talía Teatro seguimos traballando con ilusión e dedicación para levar ás táboas historias que conecten co público.

Esta vez, trátase da produción **Artur Ui, o ovo da serpe**, a partir da obra **A resistible ascensión de Artur Ui**, de Bertolt Brecht.

Apostamos de novo por un espectáculo de gran formato, que involucra a todo o elenco da compañía, como sucedeu en traballos recentes como **Unha inimiga do pobo** ou **Morte accidental dun anarquista**.

Poñemos todo o equipo da compañía ao servizo deste espectáculo, ao que se suman algúns novos nomes: Quico Cadaval, Marcos Orsi e Marcos Ptt.

Revisamos este texto de crítica social —tan vixente hoxe en día— da man dun director de recoñecido prestixio e fonda experiencia como é Quico Cadaval.

Afrontamos o desafío de seguir a facer teatro político, popular e divertido. O empeño de montar clásicos contemporáneos sen complexos, o compromiso coa creación dun teatro calidade



**Un espectáculo que conta coa axuda á creación escénica da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) na modalidade Plurianual**

para o público galego empúrranos a sacar adiante proxectos coma este, conscientes de que o teatro non pode mudar as cousas, pero a xente si.

Pedimos que reparen no subtítulo da peza: O ovo da serpe. A culta persoa que está a ler esta publicidade, detectou que é unha cita de Shakespeare. “A cria da serpe, ao medrar , será maléfica como as da súa especie: matémola cando aínda está no ovo”

Pretendemos agradarvos con esta parábola satírica sobre o ovo da serpe, que tal vez conteña instrucións para esmagala correctamente. Mantéñanse atentos ao que pasa no escenario.

## sinopse

**Artur Ui, o ovo da Serpe** é unha aposta por contar o momento actual a través da lente crítica e irónica do teatro épico.

Máis aló de ser unha homenaxe a un clásico do século XX, esta produción explora con profundidade crítica os mecanismos de poder, a natureza do autoritarismo e as súas manifestacións ao longo da historia, establecendo un paralelismo claro co momento actual no que o fascismo asoma novamente o fociño fóra do ovo.



# artur ui, o ovo da serpe

Bertolt Brecht, o dramaturgo máis importante do século XX, dicía que no tempos escuros a misión dos artistas é falar desa escuridade.

Nos peores tempos de Europa, cando o terror nazista desangraba o noso continente, Brecht escribe esta divertida obra sobre o horror fascista. Chamoulle **A Resistible ascensión de Artur Ui**, e nela conta o ascenso de Hitler e a súa banda, comparada coa toma de poder por unha banda de mafiosos.

Unha parábola. Isto non ten nada de orixinal. Calquera persoa pode ver como os autoritarismos ascenden usando os métodos do Hampa: extorsión, chantaxe, asasinatos selectivos, matanzas arbitrarias, control da información, afogamento das voces disidentes...

Cada tanto tempo, esta especie de castigo divino abátese sobre un territorio ou outro, sobre un país ou un continente. E os que imos zafando, os que temos a sorte de vivir noutro lado onde non chega a carnicería, suspiramos aliviados e dicimos: "Aínda ben que iso non pasa na porta da nosa casa".



Ensaio Artur Ui, o ovo da serpe

O señor Bertolt Brecht non se detén nese parecido razoable entre o fascismo e a mafia, e ilumínanos outra cuestión. O ascenso dos fascismos non é un castigo divino, non é o movemento pendular da historia, non é a saudable alternancia electoral. O ascenso do monstro psicópata que masacra a poboación inocente, non é unha traxedia fatal marcada pola forza do destino. O ascenso do fascismo foi tolerado, resistido, banalizado, e apoiado por forzas que poderían ter evitado que o diminuto tirano medrase ata se converter no monstro destrutor.

Este é o verdadeiro asunto da obra. Os honestos cómplices do fascismo.

Artur Ui, xefe dunha banda de criminais, aspira ao recoñecemento público. Ofrece a súa protección a empresarios, políticos, a modestos comerciantes abandonados polas forzas da orde. Conspiran, sobornan, chantaxean, e finalmente van ascendendo



Enscio Artur Ui, o ovo da serpe

na escada social. "Aínda ben que iso non pasa na porta da nosa casa!".

Brecht sitúa os feitos lonxe de Alemaña, non compre ofender aos fascistas da casa. Coloca a sanguinolenta trama en Chicago.

Nós como non queremos ofender aos de Chicago, colocamos os feitos no Extremo Oriente. Unha mistura de elegancia e horror. A estética oriental, que tanto se espallou nos últimos tempos na cultura popular (cinema, banda deseñada, *anime*, series de televisión) axuda a dar un toque de sofisticación e exotismo ao que podería pasar aquí pasado mañá, se non resistimos, se deixamos o monstro medrar.



# ficha artística e técnica

## REPARTO

**Dani Trillo | Marta Lado | Toño Casais  
María Ordóñez | Diego Rey | Marta Ríos  
Xurxo Barcala | Artur Trillo**

ESCENOGRAFÍA	<b>DANI TRILLO</b>
VESTIARIO e MAQUILLAXE	<b>MARTINA CAMBEIRO</b>
ILUMINACIÓN	<b>DANI TRILLO</b>
CREACIÓN AUDIOVISUAL	<b>MARCOS PTT</b>
MÚSICA ORIXINAL	<b>MANU ABRALDES</b>
FOTOGRAFÍA	<b>RUBÉN PRIETO</b>
PRODUCCIÓN	<b>AURI FERREIRO e ARTUR TRILLO</b>
DRAMATURXIA	<b>QUICO CADAVAL e DIEGO REY</b>
DIRECTOR DE MOVEMENTO	<b>MARCOS ORSI</b>
DIRECCIÓN	<b>QUICO CADAVAL</b>

# a dirección

Quico Cadaval é unha figura esencial do teatro galego actual.

Director, actor, narrador oral e dramaturgo de recoñecido prestixio, destaca pola súa habilidade para transformas historias cotiás en relatos universais.

Un dos aspectos máis destacables da súa obra é a forma na que combina comedia e drama, abordando con humor e humanidade temas profundos e a miúdo tráxicos.

Conta cunha sólida traxectoria á fronte de proxectos fundamentais da escena galega e non é doado resumir a súa traxectoria, así que imos destacar as últimas direccións realizadas:

- **A sombra de cristal**. De Buide e Cadaval. Real Filharmonía de Galicia. 2021
- **O Porco de Pé** de Vicente Risco. Producións Teatrais Excéntricas, 2022
- **O Auto do Castromil** de Manuel María. Producións Teatrais Excéntricas, 2023
- **Territórios de Liberdade** de Zé Paredes. Varazim Teatro, Tanxarina Títeres, CDG, 2024
- **A vida Selvagem** dos Bonecos de Jorge Louraço. Red Cloud Teatro de marionetas, 2024

Polos seus traballos de dirección recibiu entre outros os Premios María Casares á Mellor Dirección por **O Auto do Castromil** e **Noite de Reis**.



Quico Cadaval

Nesta ocasión Quico Cadaval enfróntase a unha actualización da dramaturxia e á dirección do espectáculo.

Para isto rodéase de profesionais como Diego Rey, na dramaturxia, Marcos Orsi, director de movemento, Marcos Ptt na videocreación, Dani Trillo no espazo escénico e iluminación, Martina Cambeiro en vestiario e maquillaxe, Rubén Prieto na fotografía e video e Manu Abraldes no espazo sonoro.



Marcos Orsi



Marcos Ptt



Dani Trillo



Martina Cambeiro



Rubén Prieto



Manu Abraldes

# o elenco

**Dani Trillo | Marta Lado | Toño Casais  
María Ordóñez | Diego Rey | Marta Ríos  
Xurxo Barcala | Artur Trillo**

O elenco de Talía Teatro constitúe o verdadeiro corazón da compañía. Trátase dun equipo estable, cohesionado e cunha longa traxectoria compartida, no que a experiencia, a versatilidade interpretativa e o compromiso co teatro como ferramenta cultural e social son sinais de identidade comúns.

As actrices e actores que integran Talía Teatro destacan pola súa ampla capacidade para transitar por rexistros moi diversos: desde o teatro clásico ao contemporáneo, da comedia ao drama, do teatro político e social ás propostas familiares e infantís. Esta polivalencia permite á compañía abordar proxectos de diferente formato e natureza, sempre cun alto nivel artístico e unha linguaxe escénica rigorosa e recoñecible.



Dani Trillo



Marta Lado



Toño Casais



María Ordóñez



Diego Rey



Marta Ríos



Xurxo Barcala



Artur Trillo

Máis alá das individualidades, o que define ao elenco de Talía Teatro é o seu carácter colectivo: unha maneira de entender o oficio baseada no compromiso, na investigación escénica e na vontade de conectar co público a través de historias que interpelan, emocionan e convidan á reflexión. Este traballo sostido no tempo é unha das claves que explica a continuidade, a solidez e o prestixio da compañía ao longo de máis de tres décadas de traxectoria.

Cada un deles conta con recoñecementos profesionais, pero xuntos veñen de recibir o premio María Casares ao Mellor espectáculo por ***Unha inimiga do pobo***.



Ensaio Artur Ui, o ovo da serpe



talía teatro

Vía Marconi 2A, Polígono do Tambre  
15890 Santiago de Compostela  
info@taliateatro.gal  
981943242\_630877153

